

## FUNCIÓNS DO COIDADOR/A (auxiliar técnico educativo)

Resolución do 18 de decembro de 1986, da Dirección Xeral de Traballo, pola que se dispón a publicación do Convenio Colectivo do persoal laboral de Educación Especial dependente do Ministerio de Educación e Ciencia (BOE do 16 de xaneiro de 1987).

Tras observar desde esta Inspección que non lle consta que exista neste momento ningunha outra normativa de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia na que se reflectan as funcións do posto de traballo de coidadora nun colexio, procede reflectir as que se reflecten na antedita Resolución.

Tendo en conta as funcións previstas na páxina 1275 da xa citada Resolución do 18 de decembro de 1986, da Dirección Xeral de Traballo, o grupo de auxiliares técnicos, entre os que se encontra o de auxiliar técnico educativo ou coidador, en tanto que se trata dun técnico que está en posesión do título de Graduado Escolar ou equivalente e presta servizos complementarios para asistencia e formación das persoas con minusvalía, exercendo as seguintes funcións:

- 1.a) Atención en ruta
- 1.b) Atención en limpeza e aseo
- 1.c) Atención no comedor
- 1.d) Atención do alumnado encamado na súa limpeza, aseo e manutención, en ausencia ou inexistencia do Auxiliar de clínica.
- 1.e) Atención en vixilancia nocturna
- 1.f) Colaboración en cambios de servizo
- 1.g) Colaboración na vixilancia das clases por razóns inexcusables do profesorado.
- 1.h) Colaboración co profesorado na vixilancia nos recreos, dos que serán responsables ditos profesores.